



Concello de Vigo
Expte. 3846/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 11/2023

SESIÓN CONSTITUTIVA DO 17 DE XUÑO DE 2023

ORDE DO DÍA

- Constitución da Mesa de Idade.
- Xuramento ou promesa dos concelleiros/as electos/as
- Declaración da constitución da Corporación.
- Determinación do sistema de votación para a elección do Alcalde.
- Presentación dos candidatos para o cargo de Alcalde da cidade.
- Intervencións por parte dos voceiros das formacións políticas que concorreran ás eleccións municipais.
- Elección do Alcalde.
- Xuramento ou promesa do Alcalde e toma de posesión.
- Intervención do Excmo. Sr. Alcalde

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suarez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gomez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Lago Barreiro, M.ª del Carmen
López Font, Carlos
Losada Alvarez, Abel Fermín
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Fernández Tapias, Marta
Garrido Valenzuela, Irene
Gonzalez Abeijon, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, Mª Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martinez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/10/2023 13:08 | Páxina 1 de 9 |
| 3920-1101 | CSV: ADA234-2FE3E4-322E86-8HJUC3-NTYYCH-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

No auditorio municipal da Casa do Concello da cidade de Vigo, sendo as once horas e sete minutos do día dezasete quince de xuño do ano dous mil vinte e tres, previa convocatoria ó efecto realizada polo Sr. Alcalde saínte, D. Abel Caballero Álvarez, reúnen-se os concelleiros proclamados electos pola Xunta Electoral de Zona ós efectos de realizar a sesión constitutiva da nova Corporación Municipal resultante das eleccións municipais feitas o pasado día 28 de maio.

Comeza ó acto actuando de secretario o Secretario Xeral do Pleno, D. José Riesgo Boluda.

- Constitución da Mesa de Idade.
- Xuramento ou promesa dos concelleiros/as electos/as
- Declaración da constitución da Corporación.
- Determinación do sistema de votación para a elección do Alcalde.
- Presentación dos candidatos para o cargo de Alcalde da cidade.
- Intervencións por parte dos voceiros das formacións políticas que concorreran ás eleccións municipais.
- Elección do Alcalde.
- Xuramento ou promesa do Alcalde e toma de posesión.
- Intervención do Excmo. Sr. Alcalde

SECRETARIO XERAL DO PLENO:

Bos días.

Como vostedes coñecen o obxecto da sesión de hoxe é a constitución da Corporación xurdida tras as eleccións locais do pasado 28 de maio, a continuación elixírase o alcalde da Cidade para os próximos catro anos.

Para acadar estes dous obxectivos (a constitución da Corporación e a elección do alcalde) resulta obrigado cumprir diversos trámites legais e regulamentarios.

En primeiro lugar constituirase a *Mesa de Idade* integrada polos concelleiros electos de maior e menor idade que serán asistidos por min como Secretario Xeral.

A continuación a Mesa cotexará as Credenciais entregadas polos concelleiros electos coa Certificación de Proclamación remitida ao Concello pola Xunta Electoral de Zona de Vigo.

Seguidamente os concelleiros electos, un a un, cumprindo o sinalado no artigo 108 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, prometerán ou xurarán o seu cargo ante a Constitución, conforme a fórmula establecida, tomando posesión deste.

Constituída a Corporación decidírase o sistema de votación que se empregará para a elección de Alcalde que poderá ser (i) ordinaria -a man alzada- (ii) nominal ou, (iii) secreta.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/10/2023 13:08 | Páxina 2 de 9 |
| 3920-1101 | CSV: ADA234-2FE3E4-322E86-8HJUC3-NTYYCH-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Acto seguido proclamaranse os concelleiros electos que presenten a súa candidatura á Alcaldía, é dicir, aqueles que encabezan a lista electoral da súa formación política o pasado día 28.

As formacións políticas -se o desexan- expoñerán ante a Corporación e ante os cidadáns o seu programa de goberno.

Escoitados os programas realizarase a votación de alcalde.

Concluída a votación o alcalde electo xurará ou prometerá o seu cargo tomando posesión do mesmo dende ese momento e entregáraselle o bastón de mando da Cidade.

Pois ben, conforme a Orde do Día exposto procede constituír a Mesa de Idade, a este fin invito a incorporarse esta Mesa o sr. concelleiro electo, D. Abél Caballero Álvarez e a sra. concelleira electa D^a. Ana Laura Iglesias González.

Preside a sesión D. Abél Caballero Álvarez.

PRESIDENTE DA MESA

Bos días.

O número de concelleiros e concelleiras electos asistentes á sesión é de vinte e sete, que coincide co número legal de membros da Corporación, existe polo tanto “quórum” suficiente para realizala.

Declárase aberta a sesión para a constitución da Corporación do Concello de Vigo.

No expediente da sesión constan as credenciais dos concelleiros e concelleiras electos que se corresponden coa Certificación de Proclamación remitida ó Concello pola Xunta Electoral de Zona.

SECRETARIO XERAL DO PLENO

Infórmase que a totalidade dos Sres. e Sras, concelleiros e concelleiras electos, cumprimentando o sinalado no artigo 75.7 da Lei de Bases de Réxime Local, formularon e presentaron na Secretaría Xeral do Pleno as súas declaracións sobre causas de incompatibilidade, sobre as actividades que desempeñan e sobre os seus bens patrimoniais, declaracións que teñen sido incorporadas nos respectivos Rexistros Públicos de Intereses. Cúmrese con iso á totalidade das obrigas legalmente esixibles para a súa toma de posesión.

PRESIDENTE DA MESA

Constatado o cumprimento das obrigas legais, de seguido vaise proceder á formulación do xuramento ou promesa do cargo.

Cada concelleiro e concelleira electo pronunciará a fórmula ante o exemplar da Constitución segundo vaian sendo nomeados por esta Presidencia.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/10/2023 13:08 | Páxina 3 de 9 |
| 3920-1101 | CSV: ADA234-2FE3E4-322E86-8HJUC3-NTYYCH-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

SECRETARIO XERAL DO PLENO

Por razóns formais os membros da Mesa de Idade D. Abel Ramón Caballero Álvarez e D^a Ana Laura Iglesias González serán os primeiros en cumprir este requisito; a continuación seguirase a orde alfabética.

PRESIDENTE DA MESA

- D. Filipe Abalde Comesaña (BNG)
- D^a. Yolanda Aguiar Castro. (PSdeG-PSOE)
- D. María Olga Alonso Suárez (PSdeG-PSOE)
- D. Jaime Aneiros Pereira. (PSdeG-PSOE)
- D^a María José Caride Estévez. (PSdeG-PSOE)
- D^a. Elena Espinosa Mangana . (PSdeG-PSOE)
- D. Pablo Estévez Rodríguez (PSdeG-PSOE)
- D. José Manuel Fernández Pérez. (PSdeG-PSOE)
- D^a Marta Fernández-Tapias Núñez (P.P.)
- D^a Irene Garrido Valenzuela (P.P.)
- D. Gorka Gómez Díaz. (PSdeG-PSOE)
- D. Fernando González Abeijón (P.P.)
- D^a María del Carmen Lago Barreiro. (PSdeG-PSOE)
- D. Carlos López Font. (PSdeG-PSOE)
- D. Ábel Fermín Losada Álvarez. (PSdeG-PSOE)
- D. José Miguel Martín Peña (P.P.)
- D^a Ana Belén Martínez Piñeiro (BNG)
- D^a. Ana María Mejías Sacaluga. (PSdeG-PSOE)
- D. Francisco Javier Pardo Espiñeira. (PSdeG-PSOE)
- D. Xabier Pérez Iglesias. (BNG)
- D. Angel Rivas González. (PSdeG-PSOE)
- D^a. Patricia Rodríguez Calviño. (PSdeG-PSOE)
- D^a Nuria Rodríguez Rodríguez. (PSdeG-PSOE)
- D^a Luisa María Sánchez Méndez (P.P.)
- D. María del Carmen Silva Rego. (PSdeG-PSOE)

PRESIDENTE DA MESA



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/10/2023 13:08 | Páxina 4 de 9 |
| 3920-1101 | CSV: ADA234-2FE3E4-322E86-8HJUC3-NTYYCH-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Habendo prometido ou xurado os seus cargos os señores e señoras concelleiros e concelleiras, *“Declaro formalmente constituída a nova Corporación Municipal da Cidade de Vigo conforme as eleccións municipais do 28 de maio”*.

A continuación elixirase ó Alcalde da cidade.

O Secretario Xeral explicará a fórmula pola que se vai facer.

SECRETARIO XERAL DO PLENO

Segundo o previsto no artigo 196 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, o procedemento de elección é o seguinte:

Poden ser candidatos e candidatas á Alcaldía os concelleiros ou concelleiras que encabezan as súas respectivas candidaturas.

Será designado alcalde aquel candidato ou candidata que obteña a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación; un mínimo de 14 votos.

No suposto de que ningún candidato ou candidata obtivese esa maioría será proclamado alcalde ou alcaldesa aquel, ou aquela, que encabeza a lista que obtivo o maior número de votos nas eleccións do pasado 26 de maio.

PRESIDENTE DA MESA

O sistema normal de adopción de acordos nos Concellos é a votación ordinaria que se manifesta a man alzada; non obstante se se quere elixir alcalde mediante os sistemas de votación nominal ou secreta iso requirirá a solicitude deses sistemas por algún concelleiro ou concelleira. A solicitude debe ser aprobada por este Pleno en votación ordinaria por maioría simple.

¿Solicita algún concelleiro ou concelleira votación nominal ou secreta para a elección de Alcalde?

Non efectuándose ningunha petición de votación nominal ou secreta o sistema de votación para a elección de alcalde será o ordinario a man alzada.

PRESIDENTE DA MESA

Agora procede a presentación de candidatos/as á elección do alcalde.

Como se dixo, poden ser candidatos aqueles concelleiros ou concelleiras que encabezan as súas respectivas candidaturas electorais que son os seguintes:

D. Xabier Pérez Iglesias do Bloque Nacionalista Galego.

Dª Marta Fernández-Tapias Núñez do Partido Popular.

D. Abél Caballero Álvarez do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.

Dos concelleiros citados debemos levantar a man os que desexemos optar a elección.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/10/2023 13:08 | Páxina 5 de 9 |
| 3920-1101 | CSV: ADA234-2FE3E4-322E86-8HJUC3-NTYYCH-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Optan á elección de Alcalde da Cidade de Vigo, o concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias (*no seu caso*); a concelleira D^a Marta Fernández-Tapias Núñez (*no seu caso*) e o concelleiro D. Abel Caballero Álvarez.

Agora, as formacións políticas que concorreron as eleccións locais dispoñen -se así o queren-, dunha quenda de intervención de dez minutos para expoñer o seu programa de goberno.

PRESIDENTE DA MESA

Ten a palabra o concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, do Bloque Nacionalista Galego.

Intervención de D. Xabier Pérez Iglesias.

PRESIDENTE DA MESA

Ten a palabra a concelleira D^a Marta Fernández-Tapias Núñez.

Intervención de D^a Marta Fernández-Tapias Núñez.

PRESIDENTE DA MESA

Lle corresponde intervir o PSdeG-PSOE.

Intervención de D. Abel Caballero Álvarez

PRESIDENTE DA MESA

Rematadas as intervencións lémbrolles que o sistema de elección do alcalde vai ser o ordinario a man alzada.

Comezamos a votación:

Votos a favor do concelleiro, D. Xabier Pérez Iglesias.

Votos a favor da concelleira, D^a Marta Fernández-Tapias Núñez.

Votos a favor do concelleiro D. Abel Caballero Álvarez.

Dos votos emitidos dáse o seguinte resultado:

Votos a favor do concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias: 3

Votos a favor da concelleira D^a Marta Fernández-Tapias Núñez: 5

Votos a favor do concelleiro D. Abél Caballero Álvarez:19



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/10/2023 13:08 | Páxina 6 de 9 |
| 3920-1101 | CSV: ADA234-2FE3E4-322E86-8HJUC3-NTYYCH-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

PRESIDENTE DA MESA

“Queda proclamado alcalde da Cidade de Vigo D. ABEL CABALLERO ÁLVAREZ do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE ó ter obtido 19 votos, maioría absoluta”.

[O alcalde electo, de conformidade co sinalado no artigo 118 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 16 de abril, debe proceder a prometer ou xurar o cargo para o que ten sido elixido].

O Excmo. alcalde, tras xurar ou prometer o cargo, retorna a Mesa e recolle o Bastón de Mando da Cidade.

SECRETARIO XERAL DO PLENO

De seguido polo alcalde, Excmo. Sr. D. Abél Caballero Álvarez, en presenza do Sr. Interventor Xeral do Concello, procede á sinatura das Actas de Arqueo do Concello e do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno de Constitución e elección de Alcalde
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Sábado, 17 de Junio de 2023 11:00:00
Fecha Fin : Sábado, 17 de Junio de 2023 12:20:55
Duración : 01:20:55

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3321

- Media (MASTER)

[1] Video H264, 720p, Stereo, 970 MiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/36Lu9GkrszRDh69tw7X0MZBzVctFajcgwWuZLUXrz4m5wAuY.mov>
SHA512 - 91db62fd1765cb6d6d4f9588a77ab1c8c20b06cc525a5e40408b288f5dc3e4b05fd63fd1ec9af86fac0f381d98e5465598a5b76cec5ffb38506a19bb53d31fdf

- Media (PROXYS)

(no disponible)

Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Secretario, Iglesias González, Ana Laura; Abalde Comesaña, Filipe; Aguiar Castro, Yolanda; Alonso Suarez, María Olga; Aneiros Pereira, Jaime; Caride Estévez, María José; Espinosa Mangana, Elena;



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/10/2023 13:08 | Páxina 7 de 9 |
| 3920-1101 | CSV: ADA234-2FE3E4-322E86-8HJUC3-NTYYCH-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Estévez Rodríguez, Pablo; Fernández Pérez, Jose Manuel; Fernandez-Tapias Nuñez, Marta; Garrido Valenzuela, Irene; Gomez Díaz, Gorka; Gonzalez Abeijón, Fernando; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; López Font, Carlos; Losada Alvarez, Abel Fermín; Martín Peña, José Miguel; Martínez Piñeiro, Ana; Mejías Sacaluga, Ana María; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Pérez Iglesias, Xabier; Rivas González, Angel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Sanchez Mendez, Luisa María; Silva Rego, Carmen.

- Minutaje

00:00:00 - Secretario
 00:02:27 - Caballero Álvarez, Abel
 00:04:36 - Secretario
 00:04:59 - Promesas ou xuramentos
 00:05:00 - Caballero Álvarez, Abel
 00:05:36 - Iglesias González, Ana Laura
 00:05:59 - Caballero Álvarez, Abel
 00:06:21 - Abalde Comesaña, Filipe
 00:06:57 - Aguiar Castro, Yolanda
 00:07:37 - Alonso Suarez, María Olga
 00:08:06 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:08:39 - Caride Estévez, María José
 00:09:11 - Espinosa Mangana, Elena
 00:09:47 - Estévez Rodríguez, Pablo
 00:10:20 - Fernández Pérez, Jose Manuel
 00:10:45 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta
 00:11:24 - Garrido Valenzuela, Irene
 00:12:00 - Gomez Díaz, Gorka
 00:12:22 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 00:12:52 - Lago Barreiro, M.^a del Carmen
 00:13:24 - López Font, Carlos
 00:13:51 - Losada Alvarez, Abel Fermín
 00:14:19 - Martín Peña, José Miguel
 00:14:49 - Martínez Piñeiro, Ana
 00:15:29 - Mejías Sacaluga, Ana María
 00:16:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:17:01 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:17:46 - Rivas González, Angel
 00:18:18 - Rodríguez Calviño, Patricia
 00:18:55 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
 00:19:32 - Sanchez Mendez, Luisa María
 00:20:08 - Silva Rego, Carmen
 00:21:01 - Caballero Álvarez, Abel
 00:21:32 - Elección do Alcalde ou Alcaldesa
 00:21:32 - Secretario
 00:22:07 - Caballero Álvarez, Abel
 00:24:23 - Intervencións dos candidatos e candidatas
 00:24:25 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:34:57 - Caballero Álvarez, Abel
 00:35:09 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta
 00:42:00 - Caballero Álvarez, Abel
 01:03:45 - Caballero Álvarez, Abel
 01:03:56 - Votación
 01:05:03 - Proclamación
 01:06:35 - Caballero Álvarez, Abel
 01:06:36 - Xuramento do Alcalde
 01:07:35 - Discurso do Alcalde
 01:07:52 - Caballero Álvarez, Abel
 01:20:55 : [FIN]

-- 0 --



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 11/10/2023 13:08

Páxina 8 de 9

3920-1101

CSV: ADA234-2FE3E4-322E86-8HJUC3-NTYYCH-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e trinta minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 11/2023, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2023.
am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/10/2023 13:08 | Páxina 9 de 9 |
| 3920-1101 | CSV: ADA234-2FE3E4-322E86-8HJUC3-NTYYCH-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |